

A POSICIÓN DA TRADUCCIÓN LITERARIA DENTRO DO POLISISTEMA LITERARIO

Itamar Even-Zohar
Universidade de Tel Aviv

VICEVERSA, Revista Galega de Traducción (Departamento de Filoloxía Galega Universidade de Vigo)
Nº 2 (1996), pp. 57-65

Introducción Camino Noia

[pp. 57-58]

Nos seis anos que van alá desde a publicación do extenso artigo do profesor Itamar Even-Zohar sobre a teoría do Polisistema cultural ¹ que ampliaba a primeira versión do ano 1979 ², foron varios os autores que, para elabora-las súas teorías sobre o polisistema, se basearon nas propostas de Even-Zohar ³. A teoría do polisistema é hoxe unha proposta que, desde a perspectiva da traductoloxía, cómpre coñecer. Por esta razón pareceunos de interese publica-la versión en galego ⁴ da terceira parte do amplo artigo de 1990 referente á "Posición da traducción dentro do polisistema literario", precedida dunha breve introducción que resuma os conceptos expostos nos apartados anteriores.

Na teoría do polisistema, Even-Zohar parte da idea de que a cultura, as diversas linguaxes, a literatura e a sociedade poderán entenderse e estudiarse mellor se son consideradas como sistemas e non como conxuntos de elementos dispares, porque a idea de sistema permite explicar máis adecuadamente os "fenómenos coñecidos" e descubrir outros "descoñecidos". Un sistema semiótico concíbese como unha estrutura heteroxénea e aberta, que poucas veces pode

1. "Polysystem Theory", *Poetics Today*, 1990, vol. 11, 1, pp. 9-85.

2. "Polysystem Theory", *Poetics Today*, 1979, vol. I, 1-2, pp. 287-310.

3. Entre outros podemos citar: Shelly Yahalom, "Le système littéraire en état de crise", *Poetics Today*, 1981, vol.II, 4, pp. 143-160.// Toury, G., *In Search of a Theory of Translation*, Tel-Aviv, The Porter Institute for Poetics and Semiotics, Tel-Aviv University, 1980.// Lambert, J., *Un modele descriptif pour l'étude de la littérature. La littérature comme polysystème*. Kortrijk, Faculteit van de Letteren en de Wijsbegeerte. Paper nº 29, 1983.// Gentzler, E., "Polysystem theory and Translation Studies" Chapter 5, in *Contemporary Translation Theories*. London and New York, Routledge 1993, pp. 105-145

4. A versión galega é de X. M. Gómez, C. Noia e M. Sola Bravo, da licenciatura de Traducción e Interpretación da Universidade de Vigo.

ser considerado un monosistema, xa que, en xeral, se trata dun polisistema. É dicir, un sistema múltiple, un sistema de varios sistemas que, á súa vez, teñen interseccións con outros, cos que en parte coinciden, funcionando como un conxunto estruturado composto de elementos independentes.

Even-Zohar insiste na idea de que o termo "polisistema" é máis ca unha convención terminolóxica. Trata de presentalo como un sistema dinámico e heteroxéneo con múltiples interseccións, de onde lle vén a súa grande complexidade. Para explica-lo funcionamento da cultura ou da literatura nun sistema cultural determinado cómpre partir de sistemas dinámicos que funcionen nun territorio determinado e nun tempo concreto. E nunha sociedade bilingüe ou plurilingüe a fonda heteroxeneidade da cultura é aínda máis notable. Tendo en conta este tipo de situacións elaborouse a hipótese do polisistema que tenta facilita-la comprensión de calquera campo semiótico. A literatura infantil, por exemplo, non debe ser un produto aillado, xa que está relacionado coa literatura de adultos e, así mesmo, a literatura traducida non se debería desconectar da literatura orixinal.

Seguindo a teoría proposta polo ruso Shklovskij en 1925 e reelaborada en 1927 por Ejxenbaum sobre a literatura "canonizada" e "non canonizada", Even-Zohar afirma que a súa hipótese do polisistema implica o rechazo dos xuízos de valor de criterios válidos para unha selección a priori do obxecto de estudio, sobre todo no ámbito dos estudos literarios onde aínda existe moita confusión entre o que é investigación e o que é crítica.

Os conceptos de literatura "canonizada" e "non canonizada" sêrvenlle a Even-Zohar de alicerce para defini-la súa concepción de sistema literario. Para el, cando non existe "subcultura" (lowculture) (literatura popular, arte popular), ou cando non está permitido exercer ningún tipo de presión sobre a cultura canonizada, existen poucas posibilidades para que se desenvolva unha cultura autenticamente canonizada que sexa viable. Sen o estímulo dunha "subcultura" forte, calquera actividade canonizada tende a petrificarse pouco a pouco.

Even-Zohar usa a oposición entre tipos "primarios" e "secundarios" para explica-la transferencia no polisistema, xa que este pode recibir transferencias e transformacións nas distintas etapas históricas. A posición primaria fronte á secundaria equivale a "innovación" fronte a "conservadorismo" no repertorio cultural ou literario. Así, un repertorio secundario constrúese mediante un sistema conservador adaptando os modelos ó sistema, e calquera desviación a este repertorio será considerada unha transgresión á norma. Pola contra, a reestruturación dun repertorio mediante a introducción de elementos novos que se integran no sistema sen transgredi-las normas, mostran un repertorio (e sistema) innovador, e os modelos que ofrece son de tipo primario. A loita entre as opcións primarias e secundarias é fundamental para a evolución do sistema.

As relacións entre sistemas poden darse no interior do propio polisistema dunha comunidade social ou entre distintas comunidades. Onde esas relacións aparecen con claridade e poden ser ben estudadas, é na tradución dunha literatura (prestixiada ou desprestixiada) a unha lingua, como a galega, "non canonizada".